



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas textuais: Escritura dramática

Materia	Prácticas textuais: Escritura dramática			
Código	V01G400V01964			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Ribao Pereira, Montserrat			
Profesorado	Ribao Pereira, Montserrat			
Correo-e	ribao@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Achegamento aos conceptos, elementos e mecanismos que interveñen na composición dun texto teatral, coa finalidade de adquirir unha base teórica e práctica sobre a escritura dramática. Teranse como referencia textos recoñecidos, tanto clásicos como contemporáneos, con vistas ao desenvolvemento de breves pezas de creación propia.			

Competencias

Código			
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organízalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.		
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.		
C7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.		
C9	Coñecemento de retórica e estilística.		
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.		
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.		

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento da singularidade e características dun texto dramático en todos os seus aspectos pertinentes	A4	C6 C7 C9	
Competencia sobre os mecanismos de construción dun texto dramático e capacidade para a creación dunha peza propia	B8		D8 D9

Contidos

Tema		
Elementos para a creación dun texto dramático	Descrición e análise dos diversos compoñentes dun texto dramático	
A escritura teatral: singularidade do texto dramático	Texto e representación	
Poéticas dramáticas	O texto dramático dende as súas preceptivas	
A escritura propia: escribir e reescribir	Reescritura dunha escena ou dun/ha personaxe clásic@ Dramatización dun conto Escenificación dun poema	

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	16	36
Traballo tutelado	12	50	62
Resolución de problemas	16	36	52

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Presentación dos conceptos e características fundamentais da escritura dramática, así como dalgunhas das súas preceptivas
Traballo tutelado	Aplicación dos coñecementos sobre a escritura dramática coa elaboración de breves pezas propias por parte do estudiantado, que serán presentadas e discutidas na clase
Resolución de problemas	Probas sobre os conceptos explicados na clase, que darán conta da súa asimilación por parte do alumnado

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Alumnas e alumnos disporán de atención personalizada sempre que o precisen, tanto nas horas de aula como nas horas de titoría. O horario de titorías entregarase no comezo do cuadrimestre. As consultas enviadas por correo-e serán respondidas dentro dese mesmo horario.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	Explicación razoada dos conceptos fundamentais de dramaturxia.	10	A4	C6 C7 C9
Traballo tutelado	Realización de pezas dramáticas curtas que serán lidas e comentadas en clase. A través delas o alumnado terá que dar conta do coñecemento da singularidade e características máis significativas do texto dramático, así como da súa capacidade para aplicalas.	45		C6 D8 C7 C9
Resolución de problemas	Probas individuais realizadas en clase. Consistirán en preguntas sobre os conceptos explicados e sobre as lecturas realizadas, ademais dalgunha proba creativa que atenda a premisas propostas.	45	A4	B8 C6 D8 C7 D9 C9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado presencial. Dado o carácter práctico desta signatura, a asistencia (80%) é requisito ESENCIAL para a **avaliación continua**. Serán valoradas, coas porcentaxes sinaladas, as diferentes probas indicadas arriba. A presentación e comentario das pezas dramáticas realizadas terá lugar na segunda parte do cuadrimestre.

Aquelas persoas que, pola circunstancia que sexa, non poidan asistir ás clases deberán comunicarllo á profesora e terán que optar pola **avaliación única**.

O alumnado que non supere a avaliación continuada ou quen opte pola avaliación única realizará en maio e xuño un exame sobre os contidos a materia nas datas fixada pola Facultade.

O alumnado **semipresencial que opte pola avaliación continuada** debe asistir á primeira sesión e a outras dúas para levar a cabo as tarefas de avaliación. O **alumnado semipresencial que opte pola avaliación única** deberá asistir igualmente á primeira sesión e ás probas de avaliación nas datas que estableza a Facultade.

O alumnado que non supere a avaliación continuada ou quen opte pola avaliación única realizará en maio e xuño un exame sobre os contidos a materia nas datas fixada pola Facultade.

Para o alumnado **Erasmus**, de habelo, as condicións e requisitos de seguimento da materia serán os mesmos que os indicados para o alumnado propio da Universidade de Vigo.

NOTA: Nas probas escritas será **imprescindible** a corrección ortográfica, o uso pertinente dos signos de puntuación, a orde e claridade na exposición e a limpeza dos exercicios. Por outro lado, naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer adecuadamente referenciadas; plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o traballo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alonso de Santos, José Luis, **La escritura dramática**, Castalia,

Pavis, Patrice, **Diccionario del teatro**, Editorial Paidós,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

1. O horario de titorías será comunicado ao alumnado ao comezo do cuadrimeste.

2. Os textos de lectura sobre os que se analizarán os diversos temas do programa, así como a bibliografía específica sobre cada un, serán facilitados a través da plataforma Moovi
